





SENDA E FRAGA DO XARÍO

MIÑO (A CORUÑA)

NURIA FREIRE GONZÁLEZ COAG 5079
CAMILO BLANCO PAMPÍN COAG 5317

PAISAXEA



A Fraga do Xarío é un espazo de alto valor ambiental situado no concello de Miño, ás beiras do río homónimo que verte ao esteiro do Baxoi, característico polas súas marismas que, bordeadas polo Camiño Inglés a Santiago, se estenden ao leste da Praia Grande de Miño para desembocar na ría de Betanzos.



Trátase dunha contorna que foi obxecto de numerosas intervencións ao longo dos anos -a construción da vía do tren, da autopista e da urbanización Costa Miño co campo de golf- que foron modificando, fragmentando e degradando o ecosistema, quedando finalmente esquecido e inaccesible. Porén, esta imposibilidade de acceso por parte do ser humano permitiu que o espazo se consolidase coma un pequeno refuxio para distintas especies de flora e fauna, aínda que afectado pola presenza de especies invasoras e pola perda da conectividade ecolóxica característica dun corredor fluvial.

O reto da proposta consistía na mellora das condicións ambientais do espazo, compatibilizando os usos culturais e a mellora da biodiversidade, no marco da estratexia de infraestrutura verde e da prestación de múltiples servizos ecosistémicos á sociedade. Neste contexto, a intervención, executada en 3 fases, permitiu a mellora paisaxística e a restauración parcial do ecosistema, así como a súa conexión co itinerario cultural europeo (Camiño de Santiago) mediante dúas sendas de 3 e 1 km que discorren por esta contorna natural, achegándoa a veciños e visitantes co dobre obxectivo de mellorar a saúde pública (física e mental) e promover a conciencia ecolóxica e a sensibilización ambiental.

As intervencións centráronse na conservación e restauración do ecosistema fluvial, potenciando o seu bosque de ribeira mediante o control periódico das especies exóticas invasoras, especialmente lingua de gato (*Tradescantia fluminensis*) e plumacho (*Cortaderia selloana*), e a restauración da vexetación característica de abeleiras (*Corylus avellana*), sabugueiros (*Sambucus nigra*) carballos (*Quercus robur*), bidueiros (*Betula pubescens*) e castiñeiros (*Castanea sativa*), entre outras especies características da fraga.

As sendas executáronse de forma respectuosa, controlando o ancho da sección e adaptando os trazados aos camiños existentes, á topografía e á vexetación. Empregáronse pavimentos filtrantes e materiais cunha baixa pegada de carbono (terra compactada e pasarelas de madeira nas zonas encharcadas), para asegurar a responsabilidade ambiental e unha boa integración paisaxística. Traballouse na recuperación das preexistencias, poñendo en valor varios muíños ao longo do percorrido e contando a historia do lugar mediante elementos de sinalética. Finalmente, incluíronse accións específicas para a mellora da biodiversidade, como a instalación de caixas niño e hoteis de insectos ou a plantación de especies para fomento de polinizadores no campo de golf, avogando por unha xestión máis sostible deste espazo de amortecemento do ecosistema de ribeira.

As intervencións tiveron moi boa acollida por parte da poboación, tendo agora acceso a unha nova rede de espazos para o lecer, o deporte e a interpretación da paisaxe, dende unha óptica responsable e en contacto coa natureza.



QUE ESPECIES SON DE INTERESE?

A abeleira

Árbore de ribeira ramificado con froitos comestíbles



Corylus avellana

Salgueiro

Árbore de ribeira de pequeno porte ramificado



Salix atrocinerea

O freixo

Árbore de ribeira de gran porte



Fraxinus excelsior

O carballo

Árbore de gran porte que ofrece sombra moi fresca



Quercus robur

O castiñeiro

Árbore de gran porte con froitos comestíbles



Castanea sativa

O loureiro

Árbore perenne coñecida polo aroma das follas



Laurus nobilis

A hedra

Planta trepadora que crece sobre outras árbores



Hedera helix

